


Boletín Informativo da Asociación de Veciños “Río Lambre” de Ponte do Porco

Boletín N. 5 – Agosto 2009

Contidos

**Xunta Ordinaria da Asociación
Excursión a Luarca
As vosas suxestións
Desculpas**



Xunta Ordinaria da Asociación

O pasado día 29 da agosto celebrouse a Xunta Ordinaria da Asociación onde se expuxo o traballo feito pola directiva o ano pasado así coma as contas da Asociación. Todos os escritos presentados no concello poden verse na páxina web da Asociación de Veciños www.riolambre.es.

Por outra parte tamén se escoitaron aos socios as súas inxerencias que resumimos nos seguintes puntos:

1. Facer un comunicado de prensa e enviálo a todos os diarios locais para que o publiquen. Si isto non xurde efecto se porá unha data para facer unha manifestación no concello, falando previamente cos diarios para que cubran a mesma.
2. Surxe a necesidade de habilitar novos bancos para sentarse tanto no paseo de madeira como na antiga estrada entre A Coruña e Ferrol.
3. Outra proposta foi que limpen mais a miúdo os laterais da pasarela.
4. Para o próximo verán solicitaranse os baños móbiles para a praia, así coma unha fonte na praia.
5. Tamén se solicitará de novo que arranxen os tramos de beirarrúa que están esnaquizados.

Si hai algún punto que se nos escapa facédeno saber, e serán atendidas todas as vosas suxestións.

Excursión a Luarca

Estamos organizando unha excursión a Luarca para o próximo día **12 de Setembro**.

A excursión consta do viaxe en autobús, a comida e a visita a dous museos:

- ? Parque da vida con especies exóticas e unha proxección de 35 minutos. A visita total dura hora e media.
- ? Visita á aula do mar onde hai luras xigantes.

Tamén inclúe a comida en Luarca cun menú tipicamente asturiano.

Todo isto vale 18 euros por persoa para os socios a corrente de pago e 25 para os que non son socios.

Para apuntarse tedes que falar con calquera directivo da Asociación tendo en conta que as placas no autobús son limitadas e en caso de encherse o mesmo terán prioridade os primeiros que se apunte e os socios.

A data límite para apuntarse é o **domingo 6 de setembro**.

As vosas suxestións

Dada a cantidade de suxestións que houbo na xuntanza vaise habilitar na páxina web un formulario no cal poderedes facer todas as suxestións que queirades, e que estará dispoñible nas próximas datas.

Anínavos a que non esperedes á próxima reunión para expoñer as vosas queixas.

Desculpas

Dende a Xunta Directiva quérese pedir desculpas aos nenos Marta, Patricia, Yoel, Ana e Vicky polo ocorrido este tanto durante a celebración da Xunta Ordinaria coma na Romería.

Tamén queremos reprobar o trato recibido na noite do sábado por parte de algunhas persoas que nos tratou de mala maneira cando se foi a apagar as luces da carpa, as cales non foron apagadas por capricho senón por algunha boa razón.

Se quere colaborar na conservación do medio ambiente pode axudar lendo as noticias da nosa Asociación na páxina web www.riolambre.es ou enviando un correo electrónico a abarcenilla@gmail.com e a partir dese instante enviarémolle toda a información da Asociación a través do seu correo electrónico.